

Premios da Cata dos Viños de Galicia na D.O. Ribeira Sacra

O Centro do Viño da Ribeira Sacra acollía esta tarde a entrega dos premios da **XXXII edición da Cata dos Viños de Galicia**, aos viños da D.O. Ribeira Sacra. Para cumprir os protocolos sanitarios ante a pandemia da Covid19, representantes da Consellería de Medio Rural trasladáronse ata a Ribeira Sacra a entregar os recoñecementos.

Así, á espera de que o **día 19** se coñeza, na cidade da cultura, a identidade do **mellor viño branco e do mellor viño tinto de Galicia neste 2020**, os viños premiados na D.O. Ribeira Sacra foron:

- **Acio de Ouro tinto: *Prómine***, de Bodegas Petrón S.L.
- **Acio de Prata tinto: *Peza deo Rei*** de Adega Cachín S.L.

Tres viños da D.O. Ribeira Sacra foron recoñecidos como os mellores de Galicia nas categorías Viños de Colleiteiro e Pequenas Adegas; e Viños de Elaboracións con Madeira.

- **Acio de Ouro tinto *Acivro*** de Adegas Salvadur S.L. na categoría de **Viños de Colleiteiro e Pequenas Adegas**.
- **Acio de Ouro tinto, *Acivro*** de Adegas Salvadur S.L. na categoría de **Viños de Elaboracións con Madeira**
- **Acio de Prata tinto, *Tradición*** de Adega Vella, Jorge Feijoo González, na categoría de **Viños de Elaboracións con Madeira**

O panel de cata formábanos **14 catadores** que fixeron cata cega de 348 mostra de viños de toda Galicia. Correspondían á **D.O. Ribeira Sacra 70 mostras de 30 adegas**. No acto de entrega recoñeceuse o valor secular dos adegueiros e a excelencia do seu traballo. Da D.O. Ribeira Sacra destacou a vendima “in extremis” e o traballo de adegueiros e viticultores como un proceso artesanal cheo de amor pola viticultura.